


PROFESIÓN DOS DEPUTADOS DAS CORTES DE CÁDIZ.



COMENTARIO

O documento obxecto deste comentario é un gráfico de barras que representa o número de deputados presentes nas Cortes de Cádiz por profesións. Así, no eixe horizontal aparece o número de deputados en sectores de 10 e no eixe vertical sinálanse trece categorías profesionais. Clasifícase como gráfico sociopolítico, pois reflicte a orixe profesional dos deputados presentes nas Cortes de Cádiz no período no que estas estiveron reunidas entre 1810 e 1814.

Os datos aportan número total de 296 deputados. Entre eles, o grupo máis destacado é o dos eclesiásticos (90, un 30%), seguido polos avogados (56, un 19%), funcionarios (49, un 16.5%) e militares (30, un 10%). Os restantes supoñen só o 25% dos deputados.

Agrupando os datos e facendo unha primeira lectura dos mesmos pódense sinalar como elementos significativos que case un terzo pertencen ao clero, que noutro terzo encadraríanse deputados con profesións liberais propias da burguesía liberal intelectual e funcional. (avogados, médicos, arquitectos ou comerciantes), que hai unha moi exígua representación da nobreza (14, un 5%) e ningunha representación das clases populares porque teñen difícil chegar a Cádiz, nun territorio ocupado polos invasores franceses e son os que combaten na guerrillas contra a dominación francesa.

Para entender a orixe deste proceso, hai que lembrar que tras os sucesos do 2 de maio de 1808, en maio e xuño xurdiron en toda España, nas vilas e nas cidades, Xuntas de Goberno de composición variada pero en moitos casos controladas polos grupos dominantes, para loitar contra os franceses, estas xuntas locais estiveron baixo a autoridade dun número reducido de Xuntas Provinciais co fin de coordinar esta resistencia contra os franceses. A Xunta Central xurdiu como institución que debía dirixir as Xuntas Provinciais, e foi quen anunciou en 1809 a convocatoria dunhas